



ÁGORA
Lugar da Gramela, 17
981 189 886
bagora@coruna.es

O CASTRILLÓN
Pza. de Pablo Iglesias, s/n.
981 184 390
bcastrillon@coruna.es

ESTUDOS LOCAIS
Durán Loriga, 10, 1º
981 184 386
bestudosl@coruna.es

FÓRUM METROPOLITANO
Río Monelos, 1
981 184 298
bforum@coruna.es

INFANTIL E XUVENIL
Durán Loriga, 10, bx.
981 184 388
binfantil@coruna.es

MONTE ALTO
Vereda do Polvorín, 3, 3º
981 184 382
bmontealto@coruna.es

OS ROSALES
Pza. Elíptica, 1
981 184 389
brosales@coruna.es

SAGRADA FAMILIA
Antonio Pereira, 1
981 184 392
bsagradaf@coruna.es


P.S. MESOIRO
Ancares, 15
981 184 370
bmesoiro@coruna.es



GUÍA DE LECTURA

Recomendacións clasificadas por
idades para axudar a
seleccionar o cómic axeitado

#Fancómic #BibliotecasCoruna
#Viñetas2019 #MesdoCómic
#TerritoriosInexplorados



fancomic.es

DESCUBRINDO CÓMICS
PARA NENAS E NENOS
(e nais, pais, mestras/es...)

2019



Leñadoras 4 | Noelle Stevenson, Saprستی, 2019



As leñadoras seguen asombrándonos coas súas colosais aventuras que fusionan á perfección aventuras sobrenaturais e un claro canto á amizade verdadeira. Nesta ocasión esperan visita no seu campamento e promete, coma sempre, ser divertidísima.

Ira, jinete de dragones | Xulia Vicente, Sallybooks, 2019



Se liches "Ari, cazador de dragones", encantarache esta segunda entrega da triloxía "Selo de dragón", historias de corte fantástico-épico con viñetas poderosas e cores que lle outorgan ao cómic un ambiente onírico e mitolóxico.

La guerra de Catherine | Julia Billet, Claire Fauvel, Norma, 2018




Gañador do Premio Jeunesse de Angoulême 2018, relata a historia de Rachel, unha moza que vivirá a súa adolescencia na Francia da Segunda Guerra Mundial, onde descubrirá a súa paixón pola fotografía.

My Hero, Academia 6 | Kohei Horikoshi, Planeta Cómic, 2017



É o Shonen máis popular dos últimos tempos, que xa vendeu máis de 17 millóns de exemplares en todo o mundo. A historia céntrase en Izuku Midoriya, un mozo que vive nun futuro distópico onde máis da metade da poboación ten superpoderes e teñen que ir a unha academia para aprender a usalos. Imprescindible.




@bibcoruna

Lea y los pájaros | Katia Klein, Bang Ed., 2019



A Lea encántalle a música e dedica os seus días a cazar paxaros pola mañá e facer concertos cos seus amigos pola tarde. Teno nunha gaiola inmensa de cristal e así pode admirar mellor as súas cores. Pero un día os paxaros perderán as súas cores e deixarán de cantar... Por que?

Súper narval y Medu Shock | Ben Clanton, Juventud, 2019




Segundo título dos Libros de Narval e Medu, unha magnífica serie para que os pequenos empecen a ser lectoras e lectores autónomos. Nesta ocasión Narval e Medu convértense en superheroes, cos seus supertraxes, as súas identidades secretas e os seus superpoderes! Pero cal será o superpoder de Narval?

Redondelas | Cecilia Afonso Estéves, Sallybooks, 2015



O xogo consiste en descubrir personaxes feitos con círculos de papel e coas formas que un círculo partido ou multiplicado permite, en pequenas historias sobre plantas e animais. Un xardín diminuto, unha mirada poética que se detén na natureza, os detalles e os silencios.

Federico, un viaje inesperado | Maxi Luchini, Bang Ed., 2019



Unha nova aventura de Federico e os seus amigos na que coñecerán a un rei bastante antipático. Daranse conta de que realmente está triste porque é o seu aniversario e, coma sempre, ninguén virá saudalo. Pero xuntos conseguirán que sexa un día inesquecible!

Súper patata 8, parte 1 | Artur Laperla, Bang Ed., 2018




Augusta Ricachón aburriuse do seu hámster unicornio. Agora quere un pterosaurio. O Seu pai, o señor Ricachón, non pode negarlle nada. Pero para desgraza de todos, un pterosaurio é un animal difícil de manexar. A menos que sexas Superpatata..

Bolívar | Sean Rubin, ECC Ediciones, 2019



Sybil sabe que hai algo raro no seu veciño, pero todos están tan ocupados que non se decatan da súa estraña altura, dos seus pequenos brazos nin da súa longa cola. Ninguén se dá conta de que Bolívar é un dinosauro... Nomeada mellor publicación infantil nos Premios Eisner 2018.

Animalia 2 | Branco. Xosé Tomás, Xerais, 2019



Segunda entrega desta serie de divertidas historias autoconclusivas dunha páxina que reflexiona sobre a humanidade como especie e como civilización, desde as posibilidades que ofrece a caracterización dos animais en diferentes hábitats.

Puncho | Elena Serrato, Sally books, 2018



Puncho acaba de instalarse na súa nova casa de campo e, como bo afeccionado ás plantas, decide cultivar o seu propio horto. Pero algo estraño ocorre coas súas sementes. Por que, a pesar dos seus moitos coidados, non logran brotar?

Asterix en Britania | Rene Goscinny, Xerais, 2019



Unha nova aventura de Astérix en galego. Nesta ocasión Astérix viaxará co inseparable Obélix ata Britania para axudar o seu curmán Botórax na defensa da súa aldea, invadida polos romanos.

Bahía acucornio | Katie O'Neill, La Cúpula, 2019



Igualmente delicioso que "La sociedad de los dragones de té", esta nova entrega de Katie O'Neill volve sorprendernos cunha historia de temática ecoloxista e de protección dos ecosistemas mariños, con maravillosas ilustracións e personaxes femininos fortes e valentes.

Lidia y el otro lado | Vicente Montalbá, Bang, 2019



Lidia é unha preadolescente cunha vida normal, aínda que cre estar sobreprotexida por seus pais e polo seu amigo Martín, que a coida coma se fose a súa irmá pequena. Pronto descobre que Martín está a escribir un relato para ela, unha historia onde lle conta o porqué de tanta protección...

La bruja escondida | Molly Knox Ostertag, Harper Collins Ibérica, 2019



Continuación de "El niño brujo", esta é unha fabulosa historia sobre a maxia e a bruxería, a familia, a loita contra o mal e a procura da bondade. Unha trama áxil e moi entretida, chea de valores positivos, cunha edición moi coidada e cores amables.